

SANTIAGO, 2-VIII-62

Sr. D.  
Luis Seoane  
BUENOS AIRES.-

Querido Luis : O señor Díaz, ó que non tiven ocasión de ver persoalmente, deixoume na casa o magnífico libro co poema de García Lorca i as tuas ilustracións. Elena i eu agradecémolo moi de veras e ~~xxxx~~ sobor de todo a garimosa adicatoria. Gustounos moito. Os grabados son, como todoslos que tí fás, dunha forza i unha calidade escepcionales. Sinxelamente, eu penso con toda sinceridade que hoxe non hai ninguén que chegue á tua maestría i a tua outura expresiva na arte da ilustración. Cúmrese o que eu sempre teño dito : que tí eres o grande artista ~~por~~ excelencia da nosa terra. Xa te decatás por todo isto que cada nova obra tua é na nosa casa, sazón axeitada pra unha auténtica festa do espírito.

¿Cándo nos veremos? ¿Cándo voltaredes vós por eiquí, xa que nós é difícil que vaíamos a isa? ¿Cándo che podrei dar a entrañabel aperta que teño gardada pra tí nos recantos ~~xxxx~~ mais fónos do meu corazón? Namentras non chega ise día, velahí vai, ca nosa admiración e lembranza de sempre en Elena i en mín hacia Maruxa, un cordialísimo apretón de máns,

Domingo.